

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

13433 *Corrección de erros da Lei 41/2015, do 5 de outubro, de modificación da Lei de axuizamento criminal para a axilización da xustiza penal e o fortalecemento das garantías procesuais.*

Advertidos erros na Lei 41/2015, do 5 de outubro, de modificación da Lei de axuizamento criminal para a axilización da xustiza penal e o fortalecemento das garantías procesuais, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 239, do 6 de outubro de 2015, cómpre efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 17, número dezaioito do artigo único, onde di:

«Incorpórase unha nova disposición adicional quinta, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional quinta. *Oficina de Recuperación e Xestión de Activos*».

Debe dicir:

«Incorpórase unha nova disposición adicional sexta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Oficina de Recuperación e Xestión de Activos*».

Na páxina 18, número dezanove do artigo único, onde di:

«Incorpórase unha nova disposición adicional sexta coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Procedemento*».

Debe dicir:

«Incorpórase unha nova disposición adicional sétima coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sétima. *Procedemento*».